



BASES: VIII CERTAME DE PINTURA RÁPIDA O AR LIBRE VILA DE CEDEIRA.

Edición especial Proxecto Xeoparque do Cabo Ortegal

28 de agosto de 2022

1ª. - Poderán participar neste certame tódolos/as artistas que o desexen. Cada participante só poderá presentar unha obra e non poderá asinala ata o momento no que se coñeza o ditame do xurado.

2ª.- O estilo e a técnica serán libres, a súa temática xirará en torno a idea de Xeoparque, e o espazo físico no que se realizarán estará delimitado á Serra da Capelada na parte que corresponde ao concello de Cedeira. A organización facilitará un plano ás persoas participantes coa area xeográfica na que poderán ubicarse. Os/as pintores/as deberán mandar vía whatsapp a un dos seguintes números - 649876614 e 650078939- a localización do lugar onde vaian realizar a súa obra. A execución será directa, diante do motivo ou do modelo natural, non poidendo utilizarse para tal fin fotografías tomadas con antelación.

3ª. - O certame terá lugar o domingo 28 de Agosto de 2022. As inscricións realizaranse no posto de turismo e información situado na rúa Ezequiel López o propio día do certame no momento do selado dos soportes e serán gratuítas.

4ª. - Cada participante levará o material que poida necesitar e considere necesario para desenvolver o seu traballo, incluído (de ser posible) o seu cabaleta onde se expoñerá a súa obra posteriormente.

5ª. - O soporte non superará as medidas de 100 x 81 cm., e presentarse o día do certame de 9:00 a 11:00 h. da mañá no posto de inscrición (punto 3) para ser selado.

6ª. - O tempo para presentar as obras rematará as 17:30 horas e realizarase no control establecido na sala Áncora na praza Roxa, onde se coñecerá o ditame do xurado ás 18:30 horas. As obras participantes permanecerán en exposición na propia sala, ou no exterior en caso de que as condicións climatolóxicas o permitan, ata as 20:00 h. Os participantes con cadros non premiados poderán poñer á venda as súas obras durante o tempo de exposición asinandoas e poñéndolles na parte traseira o seu importe.

7ª - O xurado que avaliará as obras está composto por profesionais das artes plásticas, sendo os seus membros os seguintes:

Presidente: María Villar Pérez, artista-deseñadora.

Vogal: Noelia Blanco López, artista-fotógrafa

Secretario: Andrés Urrutia, artista pintor

8ª. - As obras premiadas pasarán a ser propiedade do Concello de Cedeira, así como os dereitos de reprodución.

9ª. - Os premios, que estarán suxeitos á retención fiscal establecida, serán:

1º. - 800€ e diploma

2º. - 600€ e diploma

3º. - 400€ e diploma

*Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.cedeira.es>.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).*





10ª.- Para calquera consulta sobre algún pormenor da actividade deberán poñerse en contacto co número 649876614

11ª. - A participación neste certame implica a aceptación total das presentes bases.

*Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.cedeira.es>.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).*

